




FERVENZAS DO SOLDÓN

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 50 km (en coche, 9 por pista de terra)
O Caroceiro: 7 km desde Outeiro ou 9 desde Vilarmel (ida e volta)
Rego de Montouto: 7 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 8 horas

Unha ruta circular desde Quiroga seguindo o río Soldón e varios dos seus afluentes para coñecer algunhas das pincheiras máis destacadas. Recomendada para a primavera ou o outono, cando os regos levan máis auga e podemos gozar da infinita variedade de cores da paisaxe. A volta pode completarse coa ruta polas fervezas do río Quiroga.




1-Canón do Fiais

Parroquia de Cereixido (Quiroga)

O río Fiais ou Ferredo, afluente do Soldón, pola marxe esquerda, forma un canón de 8 km de lonxitude con 17 fervezas (as máis altas teñen 45, 35, 30 e 25 m) e catro tobogáns de gran tamaño. A última ferveza, duns 7 m de altura, vese desde a estrada, sobre todo no inverno. O percorrido so é apto para especialistas.

COMO CHEGAR:

Desde a estrada de Quiroga a Paradapiñol, uns quilómetros despois de pasar Paradaseca vese fronte á estrada pola dereita, a ferveza situada na desembocadura. Pódese acceder por unha ruta que sae á dereita despois de pasar Paradaseca, ou desde Rugando.



Pincheira do Fiais

2-Pincheira de Cereixido

Parroquia de Cereixido (Quiroga). No río de Barreiros, afluente do Soldón. Baixa facendo rápidos e pequenas fervezas en lousas e xistos. As máis grandes teñen uns 4 m de altura. Nos arredores hai un bosque de ribeira ben conservado e soutos de castiñeiros moi vellos. Nas proximidades hai un antigo forno de cal.

COMO CHEGAR:

Na estrada que vai de Rugando a Cereixido. Está indicado Forno de Cal.



Pincheira de Cereixido

3-Caroceiro.

Parroquia de Outeiro (Quiroga).

O carrozo do Caroceiro cae no Soldón por unha pendente moi inclinada formando un salto duns 40 m de altura que se pode ver desde a outra beira do val indo por unha pista de terra que vai de Rugando a Outeiro.

COMO CHEGAR: pódese facer unha ruta a pe desde Vilarmel (4,5 km lineal) ou desde Outeiro (3,5 km, lineal).


4- Rego de Montouto

Un afluente do Soldón que baixa da serra dos Cabalos. Hai varias pincheiras nel e nos seus afluentes Mazais e Rinán, algunhas de difícil acceso.


COMO CHEGAR:

Na Cruz de Outeiro cóllese a estrada que vai á Seara e despois de 3 km a pista que baixa ao Mazo. Séguese o río ata a ferrería do Mazo. Desde alí cóllese o camiño que sobe paralelo ao río Montouto pola marxe esquerda. A uns 500 m chegamos ao rego de Rinán (o primeiro río que recibe pola esquerda) e meténdose un cincuenta m pol el atopamos a primeira fervenza.

Seguindo río arriba 1 km, cando o camiño pasa á marxe dereita do río, atopamos o rego Mazais, que no último tramo forma distintas fervenzas. Continuando polo rego de Montouto, a uns 2 km máis arriba, onde o camiño cruza o río, atopamos outra fervenza. En total, ida e volta son 7 km que coinciden en parte coa ruta da devesa do Cervo (Montouto)



Pincheira do Caroceiro



Pincheira do Montouto (Foto Xan Colazo)



Pincheira do Rinán